



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL, PARA DAR UN SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA TELEFÓNICA Á SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA PRODUCIDA POLO COVID-19

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra Dna. M^a Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en nome e representación de este segundo o establecido no artigo 31.1.A dos seus estatutos.

EXPOÑEN

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 74/2018, do 5 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Conforme ao establecido nos artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.





O artigo 49 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, que regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

O día 7 de xaneiro as autoridades chinesas identificaron un novo virus, ao que coñecemos coloquialmente como Coronavirus ou COVID-19, que se estaba estendendo entre a poboación de forma alarmante e que provocaba patoloxía leve no 80% (febre, tose, expectoración e malestar xeral) e no 20% podían ter manifestacións máis graves (pneumonía e complicacións clínicas) que requirían ingreso hospitalario.

O 30 de xaneiro a OMS declarou o brote en China de Importancia Internacional e o 8 de marzo catalogouno de pandemia. Ata onde coñecemos afecta de forma máis grave a maiores de 65 anos con patoloxía cardiovascular previa e en menor medida con patoloxía respiratoria crónica e diabetes. A mortalidade aumenta coa idade e de momento non existe nin tratamento nin vacina.

A evolución da epidemia en España pasou de medidas de contención a medidas de contención reforzada co Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma con situación de confinamento para frear a transmisión e o colapso do sistema sanitario. No momento actual elévanse a máis de 3.400 as persoas contaxiadas en Galicia e en torno aos 86 falecidos .

Esta situación de emerxencia prolongada no tempo está a provocar unha sintomatoloxía de altos niveis de estrés e ansiedade, sensación de indefensión, perda de hábitos cotiás e tamén alteracións do estado de ánimo na poboación. E todos eles, mantidos no tempo, resultan prexudiciais para a saúde tanto física como mental e psicolóxica das persoas.

Esta alerta sanitaria ten un maior impacto nas persoas máis vulnerables. Por unha banda, porque o COVID-19 é máis letal en persoas de idade con patoloxías previas e por outra banda, porque o único remedio aplicable nestes momentos é o illamento, medida que pode implicar na poboación consecuencias psicolóxicas de menor ou maior importancia, segundo o caso, se non se adoptan medidas adecuadas para palialas.

Unha atención psicolóxica especializada en emerxencias, transversal á evolución do estado de alarma e período de confinamento, pode contribuír a previr e/ou reducir o grao de intensidade e nivel de afectación da poboación xeral.





Os factores específicos desta situación que poden aumentar a vulnerabilidade, tanto na poboación xeral como na poboación de risco, son os seguintes:

- A propia situación de confinamento en si co que implica de alteración de rutinas, interrupción das redes de apoio (sociais e familiares), perdas económicas e de traballo, dificultades de convivencia e conciliación no coidado de persoas dependentes (menores e/ou maiores) por mor do peche dos centros de día e a propia duración do confinamento por un período indeterminado de tempo.
- A atención da saúde mental viuse afectada polas medidas do estado de alarma, reducíndose a situacións unicamente de emerxencia coa dificultade de intervención que isto supón.
- A facilidade de contaxio da enfermidade e o medo que xera ese posible contaxio na poboación, incluso as medidas sanitarias establecidas cando hai afectados ou sospeita de afectación, poden producir ansiedade.
- O proceso de dó vese afectado e alterado polas medidas do estado de alarma xa que non se permite facer un ritual de despedida. Pode producirse unha dificultade á hora de elaborar o dó na poboación, ben pola perda de seres queridos (ausencia de rituais de despedida e acompañamento nos últimos momentos), ou ben por situación de seres queridos ingresados e/ou en illamento sen poder ser acompañados neste proceso e de final incerto, onde a posible perda convértese nun pensamento que é compatible co dó.
- A soidade de moitas persoas, especialmente da terceira idade, que precisamente teñen menor dominio das tecnoloxías para poñerse en contacto cos seus familiares e que viven con angustia a posibilidade de contaxiarse porque o asocian a unha morte segura.

Debido o anterior, é necesario establecer un dispositivo de atención psicolóxica dirixido á poboación xeral para dar cobertura ás necesidades psicolóxicas derivadas do estado de alarma e da emerxencia sanitaria producida polo COVID-19, reforzando os servizos públicos existentes e garantindo a asistencia psicolóxica especializada á poboación máis vulnerable.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ostenta a representación da profesión de psicólogos na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo entre os seus fins a promoción e desenvolvemento técnico e científico da Psicoloxía e o servizo dos seus profesionais á sociedade.

A Xunta de Goberno, órgano executivo do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ten, entre outras, a competencia de establecer dispositivos de atención psicolóxica dirixido á poboación xeral para dar cobertura ás necesidades psicolóxicas derivadas do estado de alarma e pola emerxencia sanitaria producida polo COVID-19, reforzando e





coordinándose cos servizos públicos existentes co fin de garantir a asistencia psicolóxica especializada á poboación máis vulnerable dun xeito máis eficaz.

Dado que estas funcións só poden ser exercidas de forma exclusiva na nosa comunidade autónoma polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, na administración pública galega.

Por isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para establecer un dispositivo de atención psicolóxica dirixido á poboación xeral afectada pola situación de alarma por mor da alerta sanitaria do COVID-19, co fin de contribuír a previr e/ou reducir o grao de intensidade e nivel de afectación da poboación xeral.

Segundo. Obxectivos específicos

A colaboración centrarase nos seguintes apartados:

- Establecer un dispositivo de atención psicolóxica dirixido á poboación xeral para dar cobertura ás necesidades psicolóxicas derivadas do estado de alarma e da emerxencia sanitaria producida polo COVID-19.
- Reforzar os servizos públicos existentes de atención psicolóxica para dar resposta ás necesidades xurdidas por esta situación, no caso de que se visen desbordados.
- Garantir a asistencia psicolóxica especializada á poboación máis vulnerable.

Para dar unha mellor e eficaz cobertura teranse en conta as actuacións das diferentes administracións e organismos e os recursos existentes ou habilitados nesta situación.





Terceiro. Compromisos das partes

1. O Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia a través dos psicólogos/as do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) comprométese a:

- a) Establecer un dispositivo de emerxencia que se organizará de forma flexible e por quendas, co fin de dar cobertura ás demandas de atención psicolóxica recibidas a través do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia as 24 horas do día, cun mínimo de 7 psicólogos de 8:00 a 00:00 horas e de 1 psicólogo entre as 00:00 e as 8.00 horas.
- b) Recoller os datos da persoa demandante de atención psicolóxica nunha ficha valorando a necesidade de derivación ou seguimento.
- c) Presentar unha memoria final onde se sintetice o servizo prestado indicando, entre outras, a estatísticas de chamadas atendidas agrupadas por zonas xeográficas, días, principais demandas de atención, casos derivados aos servizos sociais e profesionais de saúde mental. Nesta memoria cumprírase coa normativa en vigor en materia de protección de datos.

2. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comprométese a:

- a) Establecer un protocolo de transferencia de chamadas de demanda de atención psicolóxica do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia ao GIPCE.
- b) Emitir un certificado de chamadas transferidas ao GIPCE en base ao cal se realizará a xustificación para o libramento dos fondos establecidos no presente convenio.

Cuarto: Duración do servizos

A atención psicolóxica a través do 112 a cargo dos psicólogos/as estará dispoñible **durante un mes**, prorrogable no caso de que sexa necesario pola situación de emerxencia, derivándose despois a atención aos servizos normalizados, servizos sociais e profesionais de saúde mental.

Quinto. Libramento de fondos

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará para financiar os custos que xeren as actividades realizadas para que se cumpran os obxectivos do presente convenio, cunha achega máxima de ata **cincuenta e sete mil seiscientos euros (57.600 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.0 e código de proxecto 2015 00138, dos orzamentos do ano 2020.





O importe total do convenio a abonar irá en función do número de chamadas transferidas desde o CAE112, que serán certificadas Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, durante o período de vixencia do convenio, dacordo cos seguintes criterios:

- Ata 1.050 chamadas: 35.100 euros (IVE incluído)
- Entre 1.051 e 3.500 chamadas: 46.800 euros (IVE incluído)
- Mais de 3.500 chamadas: 57.600 euros (IVE incluído)

Para percibir a cantidade que achega a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentará os seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é de **cincuenta e sete mil seiscientos euros (57.600 €)**, reducíndose na mesma proporción ás cantidades xustificadas respecto do orzamento total (anexo I).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Consideraranse xustificantes de pagamento válidos unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola decana do colexio.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade da decana do colexio como o “recibín” do perceptor desta compensación.
- A memoria final descrita no acordo terceiro de compromisos das partes.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecidos ou ben non ser correctas na súa totalidade, o libramento dos fondos verase reducido na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2020.





Sexto. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Sétimo. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

- A persoa responsable dunha subdirección xeral da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e persoal técnico dependente da mesma

Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

- A decana do Colexio e a coordinadora do GIPCE

Oitavo. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.

Noveno. Lexislación aplicable





As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo e dará lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes si fora o caso.

O presente convenio terá carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Décimo. Vixencia

Os efectos do presente convenio estenderanse desde a súa sinatura ata a finalización do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Santiago de Compostela,

Pola Xunta de Galicia
O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza

Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de
Galicia,
A decana

Alfonso Rueda Valenzuela

M^a Rosa Álvarez Prada





ANEXO I

ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

O importe total do convenio será de 57.600 euros (IVE incluído) e a cantidade que se abonará irá en función do número de chamadas transferidas desde o CIAE112 durante o período de vixencia do convenio, dacordo cos seguintes criterios:

- Ata 1.050 chamadas: 35.100 euros (IVE incluído)
- Entre 1.051 e 3.500 chamadas: 46.800 euros (IVE incluído)
- Mais de 3.500 chamadas: 57.600 euros (IVE incluído)

